

Estatutos



CXXI
ConvergenciaVinteún

Título preliminar

Converxencia Vinteún aspira a ser un instrumento ao servizo de Galicia e de todos aqueles que cren que as forzas políticas con presenza no escenario actual non teñen un proxecto adaptado nin pensado para as necesidades e ambicións do noso país nin teñen fe no seu futuro nin confían nas súas posibilidades; aspira a ser a casa común de todos aqueles que teñan ilusión por construír unha Galicia mellor dende un pensamento autónomo e non subsidiario, dende a autoestima e non dende o autoodio. A casa común onde converxan todos aqueles que queiran construír unha Galicia máis democrática e participativa, e que queiran facelo dende a integración e non dende o sectarismo, dende unha visión colectiva ao servizo do desenvolvemento das persoas, de todos os que queiran ver unha Galicia plenamente integrada en pé de igualdade no mundo globalizado do século XXI e que crean na importancia que a iniciativa persoal ten para o logro deste fin.

A seguir preséntase unha definición ideolóxica base que poderá ser ratificada ou modificada no congreso fundacional de Converxencia Vinteún, dependendo do que unha maioría das persoas que compartan o primeiro parágrafo e que queiran formar parte deste proxecto decidan. Converxencia Vinteún é unha forza política que se define como nacionalista galega, europeísta, democrática, de centro reformista, liberal no social e no económico, con sensibilidade social, aconfesional, e que ten como obxectivo a defensa dos intereses colectivos de Galicia co fin de xerar as mellores condicións para o desenvolvemento individual dos seus habitantes. Dende o punto de vista democrático non pode haber ningún límite de decisión máis có que o pobo galego, voluntariamente, queira definir para o seu marco xurídico e político. Apostamos na realidade de hoxe por unha profundización do autogoberno autonómico de Galicia e por un recoñecemento da realidade plurinacional de España que poida, nun futuro próximo, adoptar a fórmula xurídica dunha confederación de nacións en pé de igualdade, que dote dunha necesaria estabilidade e administrativa o Estado e que satisfaga as demandas de recoñecemento, sen ambigüidades, de nacións sen estado como a nosa.

A Convergencia Vinteún pretende a través da súa acción política:

- a) potenciar a identidade de Galicia para conseguir alcanzar un marco no que a cidadanía galega poida desenvolver ao máximo as súas potencialidades individuais
- b) defender a lingua galega como unha lingua normal de comunicación entre os galegos, coa aspiración de acadar unha situación de plurilingüismo na que o castelán e o inglés sexan coñecidos por toda a poboación.
- c) inserir sen complexos a Galicia como célula de universalidade no mundo globalizado do século XXI, e dar a coñecer a súa realidade política, cultural, social e económica para incrementar as súas relacións cos outros pobos da península, Europa e o mundo.
- d) defender os dereitos humanos e as liberdades individuais e colectivas, a convivencia, a profundización da democracia e o dereito e o respecto á diferenza.
- e) vertebrar unha sociedade cunha economía produtiva e competitiva sustentable que incentive o esforzo e a creatividade para xerar riqueza e traballo.
- f) protexer a familia no seu sentido máis amplo e independentemente dos vínculos legais ou relixiosos, como núcleo básico de convivencia e solidariedade e como terreo da transmisión de valores, de espírito crítico e de desenvolvemento integral dos seus membros.
- g) defender un ensino e unha sanidade universais e de calidade como elementos de vertebración básicos da comunidade.
- h) promover a paz e o desenvolvemento social e económico sustentable no mundo e loitar contra a pobreza no terceiro mundo a través da liberalización do comercio mundial.
- i) integrar os inmigrantes na nosa comunidade nacional desde o respecto mutuo así como rexeitar calquera forma de racismo ou xeonofobia.
- j) protexer e mellorar o medio natural para acadar un crecemento sustentable e preservar este patrimonio para as xeracións futuras.
- k) recoñecer o carácter fundamental do compromiso da sociedade civil galega na construción do País.
- l) recoñecer o papel que a libre empresa debe xogar no progreso e dinamismo do País. Nesta liña é crucial para Galicia desenvolver o espírito emprendedor da súa cidadanía, unha cultura emprendedora vinculada ao desexo de avance colectivo de Galicia ademais do lexítimo e necesario fin de lucro. Só coa potenciación desta cultura emprendedora poderemos conseguir poñer en valor todas as posibilidades da nosa xente e da nosa terra, acabar por sempre xamais coa emigración e mellorar así a calidade e cantidade de traballo no País.

m) recoñecer o papel crucial da democracia para a riqueza, progreso e benestar dos pobos e admitir unha crítica sen paliativos á ditadura que padeceu España e especialmente Galicia durante case corenta anos do século XX e calquera outra ditadura de sen distincións de signos políticos.

n) defender o municipalismo. Admitir a necesidade da simplificación administrativa para unha maior eficiencia do gasto público, a supresión das Deputacións e a concentración de concellos para que estes poidan conseguir un financiamento axeitado.

ñ) defender a máxima integración económica e política no proxecto europeo. Apostar por unha Unión Europea con peso e cunha política exterior común no contexto mundial.

p) recoñecer o papel positivo que xogou a Constitución Española de 1978, e constatar que está ao servizo dos cidadáns e que non é nin unha biblia nin un dogma de fe. Interpretar flexiblemente a Constitución e, por suposto, defender a posibilidade, que a propia Constitución contempla, de reformala. Para Convergencia Vinteún, esta reforma terá que ser feita en función dos intereses e preferencias da cidadanía galega.

q) considerar a Portugal como espazo próximo de gran valor xeostratéxico, económico, político, cultural e lingüístico para nós. Defender o reintegracionismo lingüístico desde un punto de vista exclusivamente utilitarista e para poñer en valor esa vantaxe competitiva do noso país ata agora Desaproveitada.

Título I

Artigo 1

Converxencia Vinteún (C.XXI) estrutúrase e organízase como partido sobre os principios de democracia interna, da participación e da disciplina nas decisións do partido.

Artigo 2

O galego é a única lingua de Converxencia Vinteún. Será a única lingua admitida nas súas manifestacións orais e escritas dentro do partido e nas institucións públicas.

Artigo 3

O ámbito territorial de actuación de Converxencia Vinteún é o da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, o partido organizarase no exterior de Galicia nas agrupacións que determine o consello nacional.

Artigo 4

Será a executiva nacional a encargada de determinar a sede social do partido. En todo caso, a pretensión é que a sede estea localizada en Santiago de Compostela como capital do noso País. A executiva nacional tamén poderá modificar a sede social, o logotipo do partido así como establecer as delegacións, dependencias e oficinas que o funcionamento do partido requira.

Título II

Da afiliación a Convergencia Vinteún.

Capítulo I

A militancia

Artigo 5

Para formar parte de Convergencia Vinteún serán condicións indispensables:

- a) aceptar os principios xerais.
- b) actuar conforme cos estatutos.
- c) observar a disciplina do partido.
- d) non militar en ningún outro partido político. En caso de militancia previa noutro partido de ámbito nacional ou estatal será necesario achegar copia da carta de solicitude de baixa.
- e) estar ao corrente do pago domiciliado da cota mínima de 5 € ao mes, se perxuízo das excepcións que se determinen e da cota que as Xuventudes fixen.
- f) ser maior de idade.

Artigo 6

A admisión en Convergencia Vinteún é competencia do comité executivo nacional.

Artigo 7

Os militantes teñen os seguintes dereitos:

- a) participar no congreso, directamente ou a través dos seus delegados, na forma que estipule o seu regulamento.
- b) participar na vida política e nas actividades que organice Convergencia Vinteún en todos os niveis organizativos previstos neste estatuto.
- c) defender as súas opinións con voz e con voto nas reunións dos órganos aos que estean adscritos e na forma que se estableza regulamentariamente. Na quenda aberta de palabras dunha asemblea os militantes poderán propoñer temas a debater que, de seren aceptados por unha maioría dos asistentes, deberán figurar na orde do día da seguinte asemblea.
- d) exercer o dereito a elixir e a ser elixibles cos requirimentos regulamentarios pertinentes para cargos internos ou de representación política.

- e) recibir e demandar información plural sobre a actividade política en xeral e de Convergencia Vinteún en particular.
- f) recibir información, atención e colaboración por parte dos cargos públicos militantes do partido.
- g) elevar consultas e propostas aos diferentes órganos de Convergencia Vinteún.
- h) recibir formación que axude a desenvolver mellor a súa actividade política.
- i) recibir o amparo do Defensor ou Defensora da Militancia naqueles casos en que ache que os seus dereitos foron conculcados.
- j) recibir por parte do partido asistencia técnico-xurídica na defensa dos actos que se deriven do correcto exercicio dos seus cargos electos actuais e pasados.

Artículo 8

Os militantes teñen os seguintes deberes:

1. De carácter xeral:

- a) respectaren os principios básicos e os Estatutos, así como os acordos validamente adoptados polos órganos de Convergencia Vinteún.
- b) contribuíren ao esforzo colectivo de toda a organización para a consolidación dos obxectivos programados.
- c) renderen contas do traballo feito, en tanto que cargos internos e públicos, perante o órgano que corresponda pola súa función ou adscrición territorial.
- d) desenvolveren, de acordo coas posibilidades persoais, unha actividade continua dedicada aos obxectivos do partido. Procurar difundir os obxectivos e a actividade do partido co fin de que outros cidadáns os coñezan, de que os compartan e de que se comprometan con Convergencia Vinteún.
- e) participaren activamente nos procesos electorais, cun marcado interese en colaborar co servizo cívico de interventor.
- f) asistiren ás reunións dos grupos territoriais, sectoriais ou de traballo aos que estea adscrito e levar a termo as tarefas que lle sexan asignadas ou que asumise.
- g) gardaren discreción nas materias reservadas.
- h) manteren unha conduta ética na acción política.
- i) pagaren a cota. Determinaranse regulamentariamente as excepcións que procedan.

2. De carácter específico:

a) a militancia que ocupe cargos de representación ou de elección no partido deberá asistir a todas as reunións ás que sexa convocada por razón do cargo.

b) a militancia que ocupe cargos de responsabilidade pública e de confianza política, en especial os cargos electos con dedicación exclusiva, deberán ter formación, servizo cívico de interventores, etc...). O comité executivo ao que pertenzan será responsable da súa coordinación.

c) considerárase como un valor engadido para aqueles militantes que opten a cargos de responsabilidade, tanto pública como de representación interna, a súa actividade no seo das institucións cidadáns. Os diferentes secretarios da organización territorial estimularán os seus colaboradores a se integren nos colectivos propios do seu contorno.

Artigo 9

A condición de militante perderase:

a) por vontade propia e logo de o comunicar por escrito.

b) como resultado de expediente disciplinario de acordo coas normas correspondentes establecidas no Título V.

c) por impagamento das cotas durante seis meses.

d) por defunción.

e) por presentarse nunha lista electoral por calquera opción ou candidatura que compita coas que presente Convergencia Vinteún.

Capítulo II

Os simpatizantes

Artigo 10

En Convergencia Vinteún poden existir e potenciarse outros xeitos devinculación e participación nas tarefas do partido diferentes das propias da militancia, co obxectivo de proxectar a nosa mensaxe en áreas máis amplas da sociedade e de abrir o partido á mesma.

O simpatizante de Convergencia Vinteún é a persoa que, sen querer nun principio comprometerse como militante, é afín ao proxecto do partido. As persoas simpatizantes de Convergencia Vinteún teñen os seguintes dereitos:

a) participaren en todos os actos e actividades abertas aos militantes que organice o partido.

b) asistiren e participaren, con voz e sen voto, nas asembleas territoriais ou

sectoriais polas que manifestasen interese.

c) recibiren información das actividades e dos asuntos de actualidade política e de interese para Convergencia Vinteún.

d) asistiren ás actividades de formación organizadas por Convergencia Vinteún.

e) recibiren información, atención e colaboración por parte dos cargos públicos militantes do partido.

f) elevaren consultas e propostas aos diferentes órganos de Convergencia Vinteún.

g) recibiren o amparo do Defensor ou Defensora da militancia naqueles casos en que coide que os seus dereitos foron conculcados.

Colaboraren, se procedese, na economía das agrupacións locais.

Os simpatizantes teñen o deber de respectar os principios básicos e os Estatutos, así como os acordos validamente adoptados polos órganos Convergencia Vinteún.

Título III

Órganos de encadramento, actividade e participación.

Capítulo I

Normas xenéricas

Artigo 11

Cada militante intégrase nunha agrupación territorial.

Artigo 12

Dentro dos corenta e cinco días naturais posteriores á celebración dun congreso común teranse que renovar todos os cargos electos do partido. En todo caso teranse que facer eleccións nos corenta e cinco días seguintes de se producir a vacante dun cargo unipersoal. Todo proceso electoral no seo de Convergencia Vinteún farase de acordo co regulamento básico de eleccións.

Artigo 13

Todas as eleccións de cargos unipersoais serán secretas.

Artigo 14

Nas eleccións a nivel local, de agrupación, as candidaturas á presidencia farán unha proposta de comité ou secretariado que será votada conxuntamente e no acto, sen perxuízo do dereito de calquera militante elixible a presentarse individualmente. No suposto de que sexa unha soa candidatura, esta deberá obter máis do 50% dos votos.

Artigo 15

En todas as eleccións de listas abertas, os electorais poderán votar ata un máximo de catro quintas partes dos postos a cubrir, agás nos casos nos que estatutariamente e regulamentariamente se determine o contrario.

Artigo 16

Para a elección de cargos de agrupacións comarcais e áreas sectoriais, será necesaria a presentación de tres sinaturas do ámbito para o cal se presenten.

Artigo 17

Un militante non pode tomar posesión do cargo para o que foi electo sen notificarllo previamente aos servizos nacionais, mediante a estrutura territorial ou sectorial correspondente. A persoa cesante debe exercer as funcións propias do cargo até que o acto da toma de posesión teña lugar, ou ata que pasen dous días desde a elección de quen a substitúa.

Artigo 18

Para a destitución ou separación de calquera militante que ocupe un cargo electo dos comprendidos dentro deste título, requírese da presentación previa dunha moción razoada de destitución, coa sinatura,

como mínimo, dun 20% do censo correspondente, alén da maioría absoluta dos votos da militancia presente na asemblea. Se a moción non obtivese os votos necesarios, non poderá repetirse até seis meses despois. Cando se produce a dimisión, destitución ou separación da presidencia dun comité executivo, os membros do mencionado comité, electos a proposta súa, cesarán. Os membros de todos os órganos colexiados de Convergencia Vinteún que figuren nos presentes estatutos, representen o ámbito ou institución que representen, deberán ser militantes do partido.

Artigo 19

Os órganos colexiados executivos reuniranse como mínimo cada mes; as asembleas de militantes reuniranse como mínimo trimestralmente. Ambos órganos poderanse reunir de maneira extraordinaria sempre que o decida a presidencia ou o demande a quinta parte dos seus compoñentes.

Artículo 20

É obrigatorio levantar acta de todas as xuntanzas. Os acordos tómanse por maioría simple, agás nos casos onde, estatutariamente, se establezan quorums ou maiorías especiais.

Artículo 21

A dirección do partido ten que dispor dos medios necesarios para realizar as súas tarefas. A dirección e os outros órganos colexiados executivos terán que redactar planos de acción para impulsar, coordinar e optimizar a súa actividade.

Artigo 22

A organización e funcionamento dos órganos do partido a que fai referencia este título determinaranse regulamentariamente. Estes regulamentos deberaos aprobar a mesma asemblea e ratificalos o consello nacional.

Capítulo II

Organización territorial.

A. As agrupacións locais.

Artigo 23

O núcleo básico de encadramento da militancia é a agrupación local, que se debe organizar a partir dunha unidade xeográfica. En todo caso, a agrupación local non pode aglutinar máis dun concello. As agrupacións locais con poucos militantes poderán traballar mancomunadas e reunírense conxuntamente se se estima conveniente e se a agrupación comarcal correspondente dá a súa licenza.

Artigo 24

Cada agrupación local terá unha presidencia coas funcións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 25

Cada agrupación local que teña polo menos cinco membros, deberá contar cos seguintes órganos:

a) A asemblea local.

A asemblea local está constituída por toda a militancia adscrita da localidade, e a ela correspóndelle:

- Elixir a presidencia, e por proposta desta, o comité executivo local.
- Ratificar ou desautorizar a actuación da presidencia ou do comité executivo local.
- Avaliar o traballo do partido, especialmente no seu ámbito de actuación territorial.
- Aprobar o programa electoral municipal.
- Avaliar o traballo do grupo municipal.
- Elixir as persoas delegadas para o congreso que corresponda.
- Aprobar, seguindo as normas ditadas polo consello nacional, os candidatos que correspondan ás eleccións municipais.
- Constituir, cando crea necesario, o consello local.

b) O comité executivo local.

O comité executivo local está formado pola presidencia e o equipo de persoas que se crea oportuno para o desenvolvemento das tarefas propias da agrupación local, entre as que contará coas persoas que se farán cargo das seguintes funcións: acción política, territorial e municipal, de militancia e participación. Tamén fai parte do comité executivo local a persoa exerza de voceiro do grupo municipal, sempre que sexa militante de Convergencia Vinteún, e se este non for o caso, outra persoa que sexa militante e teña a condición de membro do grupo municipal. Tamén fará parte do comité executivo local outro membro que será designado polo comité executivo local das Mocidades que teña dobre militancia en Convergencia Vinteún e nelas. Son membros natos do comité executivo local as persoas que teñen a condición de conselleiro nacional. Tamén poderán participar o conxunto de membros do comité executivo da agrupación que sexan militantes da agrupación local.

O comité executivo local é o máximo órgano permanente de acción política a nivel municipal. Deberá ser consultado antes de calquera actividade da organización que sexa levada a cabo por un órgano superior dentro do seu ámbito de actuación territorial. No seu ámbito é directamente responsable da organización e administración do partido. Correspóndelle ao comité executivo local:

- representar, organizar, coordinar e dinamizar o partido no seu ámbito de actuación territorial.
- executar os acordos da asemblea local.
- propor accións políticas á asemblea local.
- responder e informar periodicamente a asemblea local.
- apoiar os seus concelleiros, coordinando a súa actuación coa do grupo municipal.
- recoller sistematicamente as propostas, iniciativas e estudos, aplicándoos á acción política municipal ou incluíndoos no seguinte programa Municipal.
- facer o seguimento do cumprimento do programa electoral municipal.
- facer o seguimento e a execución das campañas electorais no seu ámbito de actuación territorial.
- consultar os diferentes órganos regulamentarios de Convergencia Vinteún naquelas cuestións en que os seus coñecementos específicos poidan ser de interese.
- organizar cursos de formación para a militancia e cargos públicos.
- recibir e transmitir información do partido e da política xeral desde a base á dirección e viceversa.
- recoller as iniciativas, suxestións e críticas da militancia e da sociedade no seu ámbito de actuación

territorial.

— realizar actividades para dar a coñecer o partido á cidadanía, así como facela participar das actividades que se realizasen.

— reunirse periodicamente cos compoñentes da lista municipal.

— tramitarlles aos órganos superiores do partido aqueles acordos tomados polo propio comité ou asemblea local en asuntos que non estean ao seu alcance. Tamén aquelas iniciativas, suxestións e críticas recibidas da militancia e de persoas simpatizantes en asuntos que sobrepasen o propio ámbito municipal.

B. As agrupacións comarcais e de distrito.

Artigo 26

A totalidade da militancia de cada comarca forma unha agrupación. As agrupacións axustaranse ao mapa comarcal da Xunta, coas modificacións que o consello nacional acorde.

Artigo 27

Cada agrupación terá unha presidencia coas funcións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 28

Cada agrupación comarcal debe contar cos seguintes órganos:

a) A asemblea da agrupación.

A asemblea da agrupación está constituída por toda a militancia adscrita ao seu territorio e correspóndelle:

— elixir a presidencia da agrupación e, a proposta desta, os membros electos do comité executivo.

— ratificar ou desautorizar a actuación da presidencia ou do comité executivo da agrupación. Elixir os conselleiros nacionais que lle corresponda.

— elixir, de acordo cos pactos electorais do partido e as seguintes normas ditadas polo consello nacional, as persoas que serán conselleiros comarcais e os que serán, se é o caso, deputados provinciais en representación da agrupación.

— elixir, seguindo as normas ditadas polo consello nacional, as persoas que poderán incorporarse como candidatos ás candidaturas de ámbito nacional, estatal ou europeo.

b) O comité executivo da agrupación.

O comité executivo da agrupación está constituído por unha persoa que ocupará a presidencia e polo número de persoas que se crean necesarias en circunstancia expresa das súas responsabilidades co fin de desenvolver as tarefas propias da agrupación. Entre elas estarán as persoas que se farán cargo das funcións de acción política, territorial e municipal e de militancia e participación; a persoa que ostente a presidencia do consello comarcal ou voceira do grupo do consello comarcal militante de Convergencia Vinteún ou no seu defecto unha persoa que teña a condición de membro do grupo comarcal, e outro membro que designará o comité executivo da agrupación das mocidades con dobre militancia nas Mocidades e en Convergencia Vinteún. Son membros natos do comité executivo de agrupación aquelas

persoas, militantes da agrupación, que teñan a condición de conselleiro nacional. O comité executivo de agrupación é o máximo órgano permanente de acción política a nivel de agrupación; polo tanto, no seu ámbito, é directamente responsable pola organización e administración do partido, e recibirá os recursos materiais e humanos que lle faciliten a consecución dos seus obxectivos. Ten que ser consultado preceptivamente antes de calquera actividade de organización levada a termo por outro órgano do partido dentro da súa demarcación. Cando o ámbito da actividade organizada sexa o da propia agrupación a consulta será vinculante.

Ao comité executivo de agrupación correspóndelle:

- representar, organizar, coordinar e dinamizar o partido no seu ámbito de actuación territorial.
- establecer as accións de apoio aos equipos locais.
- executar os acordos da asemblea da agrupación e os do consello da agrupación.
- propoñer accións políticas, responder e informar periodicamente o consello da agrupación.
- coordinar a dedicación ás tarefas de partido da militancia que ocupe cargos de responsabilidade pública e de confianza política, en especial os cargos electos con dedicación exclusiva, no seu ámbito territorial.
- apoiar técnica e administrativamente os equipos locais para axudar a resolver a xestión económica e administrativa.
- facer o seguimento e a coordinación da política municipal e comarcal no seu ámbito de actuación territorial.
- recibir e transmitir información do partido e da política en xeral da base á dirección e viceversa.
- consultar ao grupo de área de acción sectorial correspondente e outros órganos de Convergencia Vinteun naquelas cuestións para as que os coñecementos específicos do mundo sectorial poidan ser de interese.
- crear grupos de acción sectorial nos ámbitos de interese específico do seu territorio. Organizar cursos de formación para militantes e cargos públicos.
- propoñer os nomeamentos das persoas representantes de Convergencia Vinteun naquelas institucións que aglutinen a comarca e de candidatos ás eleccións municipais.
- trasladarlle ao comité executivo da federación as persoas elixidas na asemblea da agrupación que poderán incorporarse como candidatos nas candidaturas de ámbito nacional, estatal ou europeo.
- facer o seguimento e a execución das campañas electorais no seu ámbito de actuación territorial.
- recoller as iniciativas, as suxestións e as críticas da sociedade no seu ámbito de actuación territorial.

c) O consello da agrupación.

O consello da agrupación é un órgano formado pola presidencia e polos membros do comité executivo da agrupación, polas presidencias locais, as cabezas de lista, polos conselleiros comarcais, os deputados provinciais e as persoas responsables dos grupos de traballo sectorial activos na comarca.

O consello da agrupación débese reunir como mínimo unha vez ao trimestre, convocado pola presidencia comarcal. Ao consello de agrupación correspóndelle:

- poñer en coñecemento de todos os seus membros e debater a actividade normal do partido a nivel nacional, comarcal e local.

TÍTULO IV

Órganos centrais de representación e dirección.

Capítulo I

Artigo 30

A representación, administración, xestión e dirección política de Convergencia Vinteún é ostentada polos seguintes órganos:

- o congreso
- o consello nacional
- a executiva nacional
- a secretaría xeral do congreso.

Artigo 31

A máxima representación da vontade de Convergencia Vinteún osténtaa o congreso, composto pola totalidade da militancia do partido.

Artigo 32

Correspóndelle ao congreso:

- elixir os membros da executiva nacional e do consello nacional.
- aprobar o informe de xestión da dirección saínte e debater e aprobar os relatorios.
- ratificar os pactos orgánicos.
- aprobar ou modificar estes estatutos.
- cubrir as vacantes na secretaría xeral.
- decidir no tocante ás propostas de federación, fusión e disolución do partido.

Artigo 33

O congreso terá que convocarse como mínimo cada dous anos. Convocarase cunha antelación mínima de corenta días naturais, do que se encargará o consello nacional a proposta da executiva nacional. Ten que reunirse con carácter común obrigatoriamente nun prazo non superior a trinta meses desde a última convocatoria. Se o determinase o consello nacional ou o pedise un terzo dos militantes, o congreso será convocado con carácter extraordinario nun prazo máximo de trinta días e cunha orde do día pechada aos temas baixo os que se realice a convocatoria. Os acordos do congreso serán por maioría simple agás nos puntos referidos á fusión, coalición, federación ou disolución do partido.

Capítulo II

Do consello nacional

Artigo 34

O consello nacional é o órgano encargado do debate e aprobación das liñas políticas do partido. Constitúe o órgano máximo entre congresos e correspóndenlle todas aquelas facultades de dirección que non sexan reservadas aos congresos. A elección dos membros do consello nacional efectuarase en

Congreso. Serán membros natos do consello nacional os membros da executiva nacional e haberá un mínimo de tres representantes das mocidades designados previamente. O número de membros do consello nacional será decidido no congreso constituínte.

Artigo 35

Correspóndelle, ademais, ao consello nacional:

- Mirar polo cumprimento dos acordos e liñas definidas no Congreso.
- Mirar polo cumprimento dos Estatutos e interpretalos en caso de dúbida.
- Exercer a potestade regulamentaria detallada no réxime disciplinario.
- Decidir a coalición con outra forza política.
- Aprobar ou censurar as contas anuais do partido.

Artigo 36

O consello nacional establecerá o seu regulamento de funcionamento.

Reunirase, como mínimo, con carácter común cada dous meses e con carácter extraordinario a iniciativa da executiva nacional ou do 20% da militancia. Os acordos serán por maioría simple agás nos casos establecidos estatutariamente que esixan unha maioría adicional.

Capítulo III

Da executiva nacional

Artigo 37

A executiva nacional é o órgano de execución emanado do congreso.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- as da dirección do partido conforme o sinalado polo congreso e o consello nacional.
- as de representación do partido en todos os ámbitos legais.
- as da representación común do partido.

A Executiva Nacional está composta polos membros que o congreso elixa en lista pechada e bloqueada; terá que contar, como mínimo, cun secretario xeral elixido polo congreso que será aquel que encabece a lista máis votada e un responsable de finanzas que terá que figurar como tal nas listas que sexan presentadas.

Artigo 38

A executiva nacional reunirase, como mínimo, unha vez ao mes con carácter común ou con carácter extraordinario se así o solicitase o secretario xeral ou a maioría dos seus membros con escrito motivado que inclúa a orde do día da xuntanza.

Capítulo IV

Da secretaría xeral

Artigo 39

Correspóndelle á secretaría xeral:

- a dirección das funcións executivas do partido marcadas polo congreso, o consello nacional e a executiva nacional.
- as funcións de xestión do partido, que poderá delegar nos membros da executiva.
- a representación xurídica e extraxurídica en toda clase de actos e contratos para a realización dos acordos da executiva nacional.

Título V

Do rexime disciplinario. Faltas e sancións.

Artigo 40

As faltas clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 41

Son faltas moi graves as seguintes:

O incumprimento dos deberes que imponen os estatutos, os regulamentos e as decisións dos órganos do partido.

- a negación pública e explícita dos principios e finalidades do partido, especificadas nestes estatutos.
- a militancia noutro partido político.
- a reincidencia en dúas ou máis faltas graves no mesmo ano.

As sancións poderán ser as seguintes:

- suspensión temporal do cargo de elección que ostente.
- cesamento do cargo de elección que ostente.
- suspensión dos dereitos de militancia no grao que se determine.
- expulsión do partido.

Artigo 42

Son faltas graves as seguintes:

- a reincidencia en dúas ou máis faltas graves durante o mesmo semestre.
- faltarlle ao respecto aos compañeiros do partido.

As sancións poderán ser as seguintes:

- suspensión temporal do cargo de elección que ostente o militante.
- cesamento do cargo de elección que ostente o militante.
- suspensión dos dereitos de militancia no grao que se determine.

Artigo 43

Son faltas leves as seguintes:

— a non asistencia a unha xunta dos órganos de dirección do partido sen causa xustificada.

— alterar a orde das xuntas.

As sancións poderán ser as seguintes:

- amoestación verbal ou por escrito.
- expulsión da xunta.

Artigo 44

A potestade disciplinaria para as faltas graves e moi graves correspóndelle á executiva nacional. Os consellos comarcais e os comités locais terán esa potestade das faltas leves.

Artigo 45

Do procedemento sancionador: en cada apertura de expediente disciplinario o afiliado deberá ser

cumpridamente notificado; daráselle un prazo de quince días naturais para a achega das probas que considere para a súa defensa e o mesmo prazo de quince días naturais para a interposición de recurso diante do órgano correspondente en función do tipo de falta.

Título VI

Do réxime económico e administrativo.

Artigo 46

Converxencia Vinteún non dispón de patrimonio fundacional. Os seus recursos económicos proveñen de:

- os diferentes tipos de cotas comúns da militancia. Calquera outra revisión terá que ser aprobada previamente polo consello nacional, sen prexuízo das excepcións que poida resolver a executiva nacional, a proposta dos comités locais. Así mesmo, as mocidades da Converxencia Vinteún poderán establecer unha cota especial para os seus membros que, en ningún caso, poderá ser inferior ao 50% da cota xeral.
- as cotas extraordinarias que acorde o consello nacional para atender gastos extraordinarios.
- as subvencións, legados e doazóns que legalmente se produzan a favor da Converxencia Vinteún.

Artigo 46

Anualmente, presentarase para a aprobación do consello nacional os resultados do exercicio anterior. Os orzamentos do novo exercicio presentarase no último consello nacional previo ao inicio do exercicio.

Artigo 48

A dirección e xestión da operativa económico-financeira será responsabilidade do responsable de finanzas do partido.

Título VII

Coalición, federación, fusión e disolución.

Artigo 49

As coalicións electorais con outras forzas de ámbito nacional, estatal ou europeo serán aprobadas polo consello nacional cunha maioría adicional de tres quintos, a proposta da executiva nacional.

Artigo 50

A federación ou fusión da Convergencia Vinteún con outra forza política esixirá o voto favorable de tres quintas partes dos delegados do congreso extraordinario que será convocado con tal fin pola executiva nacional.

Artigo 51

A disolución do partido só pode acordarse en congreso extraordinario co voto favorable de dous terzos dos delegados. En caso afirmativo, o Congreso adoptará as decisións relativas á liquidación de bens, dereitos ou calquera cuestión pendente, así como o seu destino.

Título VIII

Do réxime documental.

Artigo 52

Será obrigatorio para cada un dos órganos de Convergencia Vinteún manter un réxime documental que comprenderá os libros de rexistro de afiliados, de actas, de inventarios e de contabilidade.

Título IX

Das mocidades de Convergencia Vinteún.

Artigo 53

As mocidades de Convergencia Vinteún son a organización xuvenil do partido.

Convergencia Vinteún recoñece as mocidades de Convergencia Vinteún como organización política propia do partido, dado que elas renuncian á dobre militancia fóra do ámbito da Convergencia Vinteún.

Poderán afiliarse ás mocidades de Convergencia Vinteún todas aquelas persoas de idade comprendida entre os 16 e os 30 anos que acepten estes estatutos. As mocidades de Convergencia Vinteún deberán ter representación nos órganos de dirección do partido na seguinte proporción mínima:

- un representante na executiva nacional.
- tres representantes no consello nacional.
- un representante nos consellos comarcais
- un representante nos comités locais.

A militancia nas mocidades da Convergencia Vinteún implica automaticamente a militancia en Convergencia Vinteún dos membros maiores de idade da organización.